

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CSFME02	Construcións metálicas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0252	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROSALÍA LÓPEZ INSUA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Os conteúdos do módulo enmarcaráanse no contorno produtivo do título, que neste caso abrangue o descrito a continuación:

1. Esta figura profesional exerce a súa actividade en industrias dedicadas á fabricación de grandes depósitos, caldeiraría grosa e tubaxe industrial, talleres mecánicos, construción de carrozarías, remolques e caixas abatibles, construción e reparación naval, instalacións petroquímicas, material de transporte, montaxe e reparación de construcións metálicas, no ámbito da produción de construcións me-tálicas encadradas no sector industrial.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Técnico/a en construción mecánica.

Encargado/a de fabricación en construcións metálicas.

Encargado/a de montadores en construcións metálicas.

Delineante proxectista de caldeiraría e estruturas metálicas.

Técnico/a en deseño asistido por computador (CAD) de caldeiraría e estrutu-ras metálicas.

Deseñador/ora técnico/a de caldeiraría e estruturas.

Programador/ora de sistemas automatizados en fabricación mecánica.

Programador/ora da produción en fabricación mecánica.

Técnico/a en desenvolvemento de tubaxes.

Xefe/a de taller en construcións metálicas e montaxe.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A iniciativa emprendedora	A cultura emprendedora. O espírito emprendedor. A idea de negocio.	7	12
2	O mercado e o marketing	O estudo de mercado. Os clientes e a competencia. Marketing mix.	9	12
3	O entorno da empresa	Funcións básicas da empresa. A estrutura organizativa. O entorno empresarial. A responsabilidade social da empresa	7	12
4	Recursos humanos	Organización dos recursos humanos	4	11
5	Formas xurídicas	Formas xurídicas das empresas. Trámites para a constitución e posta en marcha.	5	11
6	Plan de produción	Plan de produción e análise de costes	7	12

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
7	Inversión, financiación e análise contable-financieiro	Inversión, financiación, análise económico financieiro	12	15
8	Xestión administrativa e fiscal	Documentos de compravenda e impostos relacionados coa empresa	12	15

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A iniciativa emprendedora	7

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da fabricación mecánica.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da fabricación mecánica, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.

**Criterios de avaliación**

CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

**4.1.e) Contidos**
**Contidos**

Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de fabricación mecánica (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).

A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.

Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.

A actuación das persoas emprendedoras no sector da fabricación mecánica.

O risco como factor inherente á actividade emprendedora.

Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.

Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.

Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da fabricación mecánica.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	O mercado e o marketing	9

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Localización da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	O entorno da empresa	7

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Criterios de avaliación
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de fabricación mecánica en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa fabricación mecánica e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de fabricación mecánica, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de fabricación mecánica: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de fabricación mecánica: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Recursos humanos	4

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.6 Coñecéronse as implicacións da xestión dos recursos humás

**4.4.e) Contidos**

Contidos
A xestión de recursos humáns

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Formas xurídicas	5

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízase o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.

Criterios de avaliación
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da fabricación mecánica
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de fabricación mecánica tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas. Responsabilidade legal do empresario. A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica. Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa. Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa. Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de fabricación mecánica. Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Plan de produción	7



**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de fabricación mecánica, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Inversión, financiación e análise contable-financieiro	12

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

**Criterios de avaliación**

CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.7.e) Contidos**
**Contidos**

Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da fabricación mecánica

Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.

Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Xestión administrativa e fiscal	12

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación**

CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa fabricación mecánica, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidación

CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de fabricación mecánica: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

##### MÍNIMOS EXIXIBLES.

Serán os así indicados en cada unidade didáctica.

##### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para aprobar o módulo de EIE, é necesario obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos en cada avaliación. Falamos da avaliación en base á suma dos criterios co seguinte peso na nota final de cada avaliación:

- EXAMES/PROBAS TEÓRICAS ESCRITAS: como instrumento de avaliación empregaranse probas de coñecemento, mediante probas obxectivas, teóricas e prácticas, que terán unha ponderación na nota final de cada avaliación dun 60%. Realizarase polo menos unha proba escrita por avaliación que pode incluír preguntas test, curtas, de desenvolvemento ou supostos prácticos relativos aos contidos traballados en cada avaliación, valorándose de 0 a 10 puntos cada proba. Esixirase unha cualificación de como mínimo 4 puntos sobre 10 para poder ter en conta o resto de criterios.

- PLAN DE EMPRESA: Os alumnos terán que elaborar ó longo do curso un Plan de Empresa, que se realizará en equipo, e que terá un peso na nota final de cada avaliación dun 40%. En cada unha das avaliacións establecerase a entrega obrigatoria dunha parte de dito plan, que será cualificada de 0 a 10 puntos.

A cualificación trimestral será a suma das notas resultantes de cada un dos apartados anteriores, unha vez aplicadas as correspondentes porcentaxes. A nota final do módulo será a media aritmética das notas da avaliación trimestral.

Cando un/unha alumno/a non asista a unha proba escrita de avaliación, a proba será cualificada cun cero e non terá dereito á súa realización en distinto día, salvo causa de forza maior debidamente xustificada e así

apreciada pola profesora, ou enfermidade médica que incapacite para asistir ó examen e igualmente xustificada polos servizos médicos de referencia (informe do Sergas e so para o caso de non recibir a asistencia sanitaria no servizo público informe de médico privado).

O/a alumno/a xustificará a falta a través da plataforma abalar, o mesmo día da inasistencia a proba de avaliación, e realizará dita proba o seguinte día lectivo que coincida co módulo.

O alumnado que chegue despois de 5 minutos da hora prevista de iniciar as clases terá a consideración de falta de puntualidade. 3 faltas de puntualidade dará lugar a una falta de asistencia non xustificada.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN FINAIS

O alumnado que non supere o módulo antes do período de F.C.T. , por ter suspensa algunha avaliación parcial do módulo, poderá realizar actividades de recuperación do módulo durante os meses de abril a xuño do 2º curso. Para isto asignaráselle unhas horas de tutoría semanais. Para este alumnado a avaliación terá lugar en xuño.

As actividades de recuperación consistirán, segundo cada caso, en:

- Resolución de actividades, que incidan nos contidos que lle supuxeron maior dificultade.
- Reforzo das explicacións dos contidos de maior dificultade para o alumnado e resolución das dúbidas.
- Rectificación ou realización dos apartados do plan de empresa que non estiveran correctamente elaborados.

O bloque de traballos e/ou exercicios e/ou exposicións e/ou conferencias e/ou xornadas non serán obxecto de recuperación durante este período. A nota final da avaliación ou avaliacións obxecto de recuperación será a obtida pola proba escrita (60% da nota) e polo plan de empresa (40% da nota). Unha vez os trimestres estean recuperados, farán media cos outros trimestres aprobados durante o curso, de cara á obtención da nota final do módulo.

#### RECUPERACIÓN FINAL DAS PROBAS ESCRITAS

O exame final consistirá nunha única proba escrita que conterá preguntas de resposta curta e/ou de desenvolvemento e/ou tipo test e/ou de comentario de texto e/ou exercicios prácticos, relativos os contidos mínimos esixibles do módulo. A proba abarcará a materia da/as avaliacións suspensas en cada caso.

Para superar o módulo é requisito imprescindible obter unha nota mínima de 5 puntos nesta proba.

**RECUPERACIÓN FINAL DO PLAN DE EMPRESA**

No caso de non ter superado o plan de empresa na segunda avaliación, o alumnado deberá presentar novamente o mesmo proxecto, rectificado segundo as indicación dadas pola docente para a súa mellora. Será igualmente necesario acadar un mínimo de 5 puntos neste apartado para poder superar o módulo.

**NOTA DE AVALIACIÓN DO MÓDULO**

De cara á obtención da nota final do módulo, terase en conta a nota final sen redondeos acadada en cada avaliación, tanto de terse superado a avaliación durante o curso ordinario como durante o período de recuperación, e aplicando a ponderación que lle corresponde a cada avaliación na nota final do módulo

**PROBAS DE RECUPERACIÓN ANTES DA AVALIACIÓN FINAL PREVIA Á FCT EN PERIODO ORDINARIO**

Para aquel alumnado que suspenda na primeira ou a segunda avaliación a parte de probas escritas exclusivamente, a profesora poderá establecer, se o considera apropiado segundo o interese, a motivación, a asistencia a clase e o esforzo amosado polo alumnado, unha proba de recuperación final desta parte antes da avaliación para realizar a FCT en período ordinario.

Esta proba, que será única e incluíra os trimestres suspensos, será escrita e similar ás anteriores. No caso de superar esta proba cun mínimo de 5 puntos, a nota final do módulo calcularase tendo en conta a nova nota e aplicando todos as porcentaxes de ponderación que se empregan durante o curso para a obtención da nota final.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

No caso de perda da avaliación continua por faltas de asistencia o sistema de avaliación deste alumnado será o aplicado co resto do alumnos durante todo o curso, pero coas seguintes peculiaridades:

- Realizarase unha proba escrita ao final do curso de contido teórico-práctico cun peso do 60% na nota final.
- Presentación dun Plan de Empresa que se axuste aos criterios establecidos pola profesora e cunha ponderación na nota final do 40%.
- É necesario obter unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre 10 nas probas teórico-prácticas escritas e no proxecto presentado para acadar o aprobado.

A estrutura da proba será a seguinte:

Preguntas tipo test

Preguntas curtas

Supostos prácticos sinxelos

ADIANTO DA PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Segundo establece a RESOLUCIÓN do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/23, a cualificación obtida na proba final extraordinaria para o alumnado de segundo curso que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo, dependendo do momento de realización desta proba, poderá consignarse na sesión de avaliación parcial previa á realización da formación en centros de traballo (FCT) ou na avaliación final de módulos.

A tal efecto, daráselle a oportunidade ao alumnado con PD en módulos de 2º curso de adiantar (marzo/abril) a proba extraordinaria a antes da avaliación ordinaria en vez de facela en xuño.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación docente realizarase a título individual mensualmente, cotexando as actividades previstas na programación coa marcha cotián das clases. Mensualmente comprobarase si se cumpren os prazos establecidos. De ser necesario, revisaranse as oportunas programacións de aula introducindo os cambios necesarios. Rexistraráse a seguimento na aplicación correspondente.

Na memoria de fin de curso incluíranse todas estas modificacións, así como a valoración que o departamento faga sobre a idoneidade da metodoloxía empregada así como dos materias curriculares e didácticos

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso a profesora realizará un cuestionario oral ou escrito con preguntas sobre aspectos xerais relacionados co módulo. Trátase de avaliar os coñecementos previos que o alumnado posúe sobre a materia. Ademais, durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención á participación do alumnado nas clases e ás dificultades que poidan atopar, coa finalidade de observar a capacidade de argumentación e razoamento dos estudantes, os roles que se van establecendo dentro do grupo e a capacidade de respecto e de traballo en equipo.

As conclusións acadadas na avaliación inicial do módulo sinalaranse na posible reunión de avaliación inicial do grupo que realizará o equipo docente e que servirá para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A programación elabórase tendo en conta que debe dar resposta a diversidade do alumnado, polo que se aplicará dunha forma aberta e flexible, posibilitando a adaptación ás condicións específicas de cada alumno ou alumna. Co obxectivo de conseguilo, as actividades de clase deben prestar atención ao traballo en equipo e a axuda recíproca dos alumnos, así como ó fomento de actitudes de respecto ás diferenzas individuais. Por outra banda, colaborárase co departamento de orientación na posible detección das necesidades educativas específicas do alumnado no seguimento da programación do módulo, así como nas pautas de actuación a seguir en cada caso. Así mesmo, prestarase atención a aqueles alumnos/as con maior capacidade de aprendizaxe, mediante a programación de actividades de mellora e afondamento.

No caso de que o progreso dun alumno non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptaranse as oportunas medidas de reforzo educativo. En todo caso, a cualificación do alumnado realizarase tomando como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación relacionados cos resultados de aprendizaxe que permitan o logro da competencia xeral característica do Título. Deste xeito, calquera adaptación do currículo en función das necesidades educativas do alumnado estará dirixida, non aos elementos prescriptivos (obxectivos, contidos, criterios de avaliación) senón á modificación doutros aspectos que poden mellorar o rendemento destes alumnos, como o respecto ós ritmos de aprendizaxe, á selección de distintos materiais, actividades variadas, propostas de avaliación diferentes, adecuación dos tempos e dos espazos, etc.

As medidas de reforzo educativo pasarán (ademais dos reforzos que se poidan ofrecer no transcurso normal das clases) polo asesoramento extra ó alumnado con dificultades durante as horas de titoría, co subministro de material educativo complementario, como apuntamentos ou actividades, de xeito continuado polo profesor/a, quen tentará expoñer a materia do xeito máis claro e pegado á realidade que se poida, empregando vocabulario sinxelo e exemplos reais e próximos, de xeito que o alumnado poida identificar como próximas esas situacións e recoñecerse nas mesmas, potenciando a súa motivación cara á súa aprendizaxe.

Particular atención merece asegurar a comprensión da materia por parte do alumnado estranxeiro, garantindo que as barreiras idiomáticas non sexan un obstáculo a maiores se non todo o contrario, e facendo as adaptacións precisas para asegurar a mellor comunicación posible. Ante necesidades específicas de apoio educativo en casos concretos e que non impliquen adaptacións curriculares, os medios a empregar e a forma de enfocala será a seguinte:

Discapacidade ocular: O alumnado con este tipo de discapacidade ocupará os asentos máis próximos ao taboleiro, e repetirase verbalmente toda a información visual.

Discapacidade auditiva: a linguaxe xestual á hora de explicar calquera dúbida a ese alumno ou alumna e unha maior lentitude e boa dicción nas frases, axudará á maior comprensión. Igualmente que un ton de voz elevado.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

En todas as áreas dos módulos deste departamento teñen que estar presentes uns temas que denominamos transversais, que se vertebran como fundamentais para garantir unha completa formación do alumnado no plano profesional e persoal.

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal:

Educación para a saúde: Polo que respecta á educación para a saúde e a calidade de vida, faremos especial fincapé na saúde laboral, .

O obxectivo último é que o alumnado tome conciencia da necesidade de facer propios uns hábitos mínimos que garantan a seguridade no traballo, tanto para eles mesmos como para os compañeiros/as e a empresa en xeral.

Educación multicultural. A educación multicultural ven esixida pola crecente intercomunicación das culturas, e resulta máis urxente polos brotes de xenofobia observados ante a crecente presenza de inmigrantes. Os obxectivos serán espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e costumes, así como desenvolver actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente

minoritarios.

Educación do consumidor. A finalidade é adquirir esquemas de tomas de decisión que consideren todas as alternativas e as consecuencias a nivel individual, social, económico e medioambiental. Tamén se procurará desenvolver o coñecemento dos mecanismos básicos do mercado, así como dos dereitos do consumidor e o xeito de facelos efectivos. O obxectivo en definitiva, é crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Educación para a igualdade. Por canto á igualdade de sexos, temos que destacar a importancia que este asunto ten no mundo da empresa; o home e a muller deben de ter igualdade de oportunidades no ámbito laboral, polo mesmo traballo tense que percibir a mesma remuneración. Esta cuestión irase desenvolvendo ó longo do curso e do temario.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Acórdase a planificación da seguinte actividade extraescolar:

- Xornada sobre emprendemento e creación de empresas: destinado ó alumando de segundo curso do de EIE.

A execución destas actividades estará condicionada pola situación sanitaria na que se atope o centro e a súa contorna no momento da súa realización ou solicitude, ó igual que as recomendacións ou obrigas que establezan as autoridades competentes ao longo do curso académico.

## 10.Outros apartados

### 10.1) COVID-19

Sesións de docencia telemática a través de actividades de aprendizaxe na Aula Virtual. Se realizarán probas e traballos prácticos ou actividades individuais a través da plataforma virtual.

A cualificación do alumnado virá determinada por:

1- Probas teórico-prácticas escritas trimestrais de carácter obrigatorio-

A nota destas probas suporá un 60% da nota trimestral. Estes exames teñen carácter obrigatorio e realizaranse nas datas e no tempo indicados na Aula Virtual. A ausencia inustificada a estas probas conlevará automaticamente un cero. No caso de ausencia por causa xustificada a un exame, o/a alumno/a deberá poñerse en contacto coa profesora (mensaxe privada a través da plataforma abalar ) para entregar a xustificación da falta. Só se admitirán xustificacións debidamente documentadas.



2-Plan de empresa correspondente ao módulo de EIE, entregado en forma e prazo. A nota do proxecto empresarial suporá un 40% da nota trimestral. O feito de non envialo conlevará automaticamente un cero neste apartado da nota.

O alumnado deberá realizar un proxecto empresarial ou plan de empresa en grupo ou de maneira individual de carácter obrigatorio e segundo as instrucións e prazos indicados pola profesora. Fóra de prazo non se admitirá a entrega do proxecto. En cada unha das avaliacións establecerase a entrega dunha parte do Proxecto Empresarial realizada ata o momento, que será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar a nota de 5 sobre 10 para o seu aprobado. Se a nota resultante no traballo é inferior a 5 ou ben non se presenta o traballo/exercicio, a avaliación estará suspensa con independencia das cualificacións obtidas no apartado de exames.

**IMPORTANTE:** Para ter en conta as puntuacións acadadas nas tarefas en liña é necesario obter unha nota igual ou superior a 4 nas probas teórico-prácticas escritas.

A cualificación trimestral será a suma das notas resultantes de cada un dos apartados anteriores, unha vez aplicadas as correspondentes porcentaxes.

A nota final do módulo será a media aritmética das tres notas de avaliación trimestral

### 10.2) Actualidade social

O departamento pretende traballar moi pegado á actualidade laboral e social e ao contorno social e xeográfico do alumnado. De ahí que a lectura de xornais e o visionado de novas e vídeos, constitúan parte do proceso de ensino-aprendizaxe.

Complementando á lectura, o departamento dispón dunha serie de vídeos e películas que servirán para ilustrar dun xeito visual, práctico e veloz, os contidos teóricos.

### 10.3) Libro de texto

#### LIBRO DE TEXTO RECOMENDADO:

Utilizarase como libro de texto recomendado para este módulo: Empresa e Iniciativa Emprendedora. Editorial TulibrodeFP

#### OUTROS LIBROS DE CONSULTA:

Empresa e iniciativa emprendedora: Editorial Mcmillan

Empresa e iniciativa emprendedora: Editorial Editex

Empresa e iniciativa emprendedora: Editorial EDEBÉ

Empresa e iniciativa emprendedora: Editorial McGraw-Hill



#### 10.4) Acceso do alumnado á programación

Na primeira semana do curso, explicaráselle o alumnado a programación deseñada para o módulo en cuestión. Posteriormente, un resumo desta programación subirase á aula virtual que se emprega como un dos recursos para impartir o módulo.